

LISTA DE ASISTENTES

Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel
González Santamaría, Pedro
Martínez Martín, M^a José
Pena Uris, Gloria M.
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Zas Varela, Mónica
DESCULPA ASISTENCIA
Cebro Barreiro, Sabela

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 12 de decembro de dous mil catorce, convocada para as 09:30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda nas salas de videoconferencia.

O día **12 de decembro de 2014** ás 10.05 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 27 de novembro do 2014.
2. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos.
3. Asuntos varios.
4. Rolda libre de intervencións.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 27 de novembro do 2014.

Ao non terse presentado ningunha alegación á acta da sesión anterior, apróbase por asentimento.

Punto 2. Aprobación, se procede, da proclamación provisional de candidatas e candidatos electos.

O presidente dá lectura aos nomes dos candidatos elixidos nos departamentos nos que foi necesaria a realización de eleccións de representantes de estudantes nos consellos de departamentos, información que xa foi remitida coa convocatoria.

Cede a palabra á secretaria xeral, quen explica que nos resultados das votacións producíronse empates nos departamentos X13 e X04, que foron resoltos consonte a normativa establecida, aplicando inicialmente o criterio de favorecer ao xénero con menor representación e, en segundo lugar, a antigüidade na Universidade. Dada a coincidencia destes dous criterios no empate producido no departamento de Didáctica, Organización Escolar e Métodos de Investigación, foi necesario recorrer á idade das candidatas para resolver o empate, resultando elixida Dna. Fátima Veloso.

Tamén presenta a relación completa dos representantes dos departamentos nos que non foi preciso realizar eleccións, ao presentarse candidatos en menor ou igual número que os postos a cubrir. Dado que a relación é moi extensa, non puido achegarse coa convocatoria, polo que será enviado un enlace para a súa comprobación.

Apróbase a proclamación provisional de candidatas e candidatos electos; e sendo o prazo de reclamación aos resultados provisionais os días 16 e 17, confírmase a próxima xuntanza da Comisión Electoral para o día 18 de decembro, para a resolución das reclamacións e proclamación definitiva de resultados.

Punto 3. Asuntos varios.

Comenta a secretaria xeral que a raíz dunha proposta de D. Pedro González, falouse cos servizos informáticos para ver a posibilidade de realizar as xuntanzas da Comisión Electoral por videoconferencia a través de software. Responderon que a Universidade dispón de licencias de Adobe Connect que farían posible a conexión, para aqueles que así o desexen.

Tras comentalo, valórase favorablemente a posibilidade de realizar un sistema mixto, no que algúns membros da Comisión podan estar presentes na Sala e outros conectar vía software.

Punto 4. Rolda libre de intervencións.

D. Federico Fernández intervén solicitando que se inste á Xerencia para que se realicen os censos do PAS axustado á RPT, para evitar o problema que ten lugar nalgúns centros; como Enxeñería de Minas, nos que non aparecen adscritos a totalidade dos membros do PAS que alí traballan.

Responde o presidente que darase traslado a dita petición.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:25 h do día 12 de decembro de 2014, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

Manuel Fernández Iglesias

Gloria Mª Pena Uris